



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE MOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE MOS

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Mos para contribuír ao financiamento das obras de construción dunha escola infantil no Concello de Mos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Mos, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 17.11.2006, ten intención de acometer a construción dunha escola infantil de 41 prazas na parcela do complexo do Hospital Psiquiátrico do Rebullón deste concello, co fin de dar resposta á necesidade de prazas para a educación infantil 0-3 neste concello, non dispoñendo de recursos propios suficientes para a execución destas obras de construción.





Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras de construción da escola infantil, posibilitando así unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos e dando resposta á necesidade de prazas para a educación infantil 0-3 deste concello.

Considérase polo tanto idóneo o financiamento das obras de construción da escola infantil nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos, dando resposta á necesidade de prazas para a educación infantil 0-3 do Concello de Mos, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Así, ante a insuficiencia de recursos para proceder coa devandita actuación, o Concello de Mos solicitou a colaboración do Consorcio para contribuír ao cofinanciamento da construción da escola infantil, considerando este consorcio, no desenvolvemento das funcións recollidas no antedito artigo 7.d) dos seus Estatutos, que a necesidade de dotar ao Concello dun novo recurso para a atención aos nenos e nenas de 0-3 anos, xustifica a procedencia desenvolver o instrumento de colaboración necesario para tal fin, tendo en conta que se trata dunha actuación nun concello consorciado, dentro do ámbito dos fins e competencias do Consorcio, e sendo, para este consorcio, unha colaboración que se realiza de forma puntual, en resposta ás necesidades do Concello, e compatible á súa vez con outras fontes de financiamento.

O Concello de Mos obtivo, ao abeiro da Orde do 23 de setembro de 2022 (DOG núm.191, do 6 de outubro de 2022), unha parte dos fondos necesarios para acometer a construción da escola infantil, mais o elevado importe a financiar polo concello, e a insuficiencia de recursos para facer fronte a este financiamento, pon en risco os Fondos Europeos destinados á referida construción, pois de non poder executarse a actuación, se perderían, ocasionando un dano irreparable para o Concello, ao non





dispoñer dos fondos necesarios para acometer a actuación proxectada.

Xa que logo, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de posibilitar a atención á necesidade de prazas para a educación infantil 0-3 no Concello de Mos, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento destas obras, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Neste sentido, e co obxecto de garantir ao Concello de Mos a liquidez necesaria para asumir as obrigas derivadas da construción da escola infantil nos termos expostos, propónse ademais a que os pagamentos anticipados poidan chegar ata o 80% do importe do convenio, sen que se supere a anualidade prevista no convenio, solicitando para tal fin a autorización do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no apartado 3º do artigo 63 en relación co apartado 1º.2 deste mesmo artigo do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.





O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Mos para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 419.714,60 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio, para os anos 2024 e 2025, de conformidade coa seguinte distribución de anualidades:

- 2024.: 319.714,60 euros.

- 2025: 100.000 euros.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

